

## FEIRAS E MERCADOS

*Este Mapa-Guía é unha iniciativa para promover as Feiras e Mercados da Costa da Morte; un sector que está en auge e que cada vez ten máis adeptos, son moitos os consumidores que apostan polo local, por mercar dun xeito máis responsable e polo contacto coa xente. Se esta é a túa filosofía ou simplemente gústanche as feiras, aquí atoparás toda a información útil para que non te perdas unha.*



### A MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS

**"A Mostra do Encaixe de Camariñas" é un certame de ámbito internacional declarado de Interese Turístico de Galicia, un evento cultural e comercial que conseguiu dinamizar a artesanía do encaixe no enxoval doméstico e a súa inclusión definitiva no sector da moda.**

A Mostra é un referente internacional dentro do sector do encaixe que reúne stands de países como Arxentina, a India, Italia, Rusia, Inglaterra, Suíza, Bulgaria, Portugal, Estonia ou Xapón, entre outros; ademais da representación galega do encaixe de Camariñas que é a verdadeira protagonista; achegarse a esta gran feira é unha oportunidade única para adquirir verdadeiras xoias de calquera parte do mundo.

Os visitantes poderán gozar dos desfiles das "Grandes Firmas" e dos "Deseñadores Noveis" que apostan por incluír nos seus deseños o encaixe en propostas moi tentadoras; ademais das exposicións, demostracións en vivo, as "Escolas Infantiles de Palillo", os obradoiros e unha variada proposta de actividades paralelas que fan deste encontro unhas xornadas cheas de cultura, tradición e momentos de lecer.

**Data:** Semana Santa.  
**Lugar:** Camariñas.



### A MOSTRA DA OLERÍA DE BUÑO

**Os oleiros de Buño, galardoados coa Medalla de Ouro de Belas Artes, mateñen viva unha tradición secular dentro da artesanía de Galicia; a súa obra e o seu xeito de traballar expresan a cultura e o estilo de vida dos galegos.**

A Mostra da Olería de Buño é unha oportunidade para coñecer de cerca un oficio que reflicte a identidade galega; onde se exhiben as últimas creacións dos oleiros da vila, con postos de venda e exposición, obradoiros para nenos e maiores e demostracións en vivo. Durante a Mostra ten lugar unha "Cocadura Tradicional", no Ecomuseo Forno do Forte, na que os visitantes poden ver o proceso de cargar un forno de leña con máis de 2.000 pezas, e o día seguinte admirar a maxia do lume sobre o barro.

A capital da olería galega vive con gran emoción unhas xornadas cheas de momentos de lecer, actividades lúdicas e culturais, roteiros guiados, gastronomía, concertos e actuacións folclóricas; unha ocasión única para descubrir os segredos da olería e gozar da nosa cultura.

**Data:** 1ª quincena de Agosto.  
**Lugar:** Buño.

### "VÍNDEMO VER"

**"Vindemo Ver" é unha iniciativa do concello de Carnota para dinamizar a economía local e promover os recursos propios.**

O visitante atopará unha gran variedade de produtos do agro; como o mel, produtos da horta, marmeladas, xabóns, cervexa, animais de curral, plantas ornamentais, etc; que ofrecen a calidade dun produto coidado e elaborado co mimo e saber dos produtores tradicionais.

Os amantes da artesanía sorprenderanse coa creatividade e a mestría dos artesáns e creadores locais; hai unha gran variedade de postos nos que adquirir pezas únicas pola súa personalidade e o seu deseño; desde cerámica, instrumentos tradicionais, artesanía en vidro, deseño en tea, artesanía en madeira, con flores secas, cartón-pedra, ata xoiería de autor.

**Data:** Semana Santa.  
**Lugar:** Praza de San Gregorio, Carnota.



### FEIRA DAS CEREIXAS

**Declarada de Interese Turístico de Galicia, a Feira da Cereixa ten as súas raíces en décadas pasadas, cando na contorna do val do río Anllóns a produción desta froita tiña unha grande importancia.**

Na actualidade esta feira conta cunha grande afluencia de xente, que acoden para mercar este sabroso produto nas preto de 300 casetas que se enchen de cor e que conviven con gran variedade de produtos da horta local, principalmente da zona de Bergantiños.

O gran atractivo desta colorida feira son as propostas festivas, lúdicas, culturais, gastronómicas e deportivas que se desenvolven durante toda a semana e que converten a exaltación da cereixa nunha auténtica celebración.

**Data:** 1º fin de semana de Xullo.  
**Lugar:** Campo da Feira de Paosaco.



### FEIRA DE HORTICULTURA DE A LARACHA

**Esta iniciativa nace có propósito de promover a riqueza da horta e a calidade dos produtos locais da contorna da Laracha.**

A feira reúne a máis dunha vintena de profesionais do sector e asociacións que farán exposición, sen venda, dos seus produtos, e proporcionarán asesoramento aos interesados sobre as etiquetas dos produtos e como interpretalas correctamente, onde se cultivou, cando se recolleu e que abonos ou fertilizantes se empregaron, e toda información necesaria para saber o que estamos comendo.

Ademais hai unha exhibición de cociña en vivo a cargo dun recoñecido chef, que elabora pratos a base dos produtos locais; coincidindo có Concurso de Tapas os asistentes poderán degustar nos establecementos participantes tapas elaboradas con produtos da horta.

**Data:** 2º fin de semana de Agosto.  
**Lugar:** Praza do Concello de A Laracha



## FEIRAS E MERCADOS

### Plan de Axudas

Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR- Costa da Morte.

O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR-Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- > Cabana de Bergantiños
- > Camariñas
- > Carballo
- > Carnota
- > Cee
- > Corcubión
- > Coristanco
- > Dumbría
- > Fisterra
- > A Laracha
- > Laxe
- > Malpica de Bergantiños
- > Mazaricos
- > Muxía
- > Ponteceso
- > Vimianzo
- > Zas

Edificio Servizos Múltiples. Rúa A Torre, s/n 15129 - VIMIANZO T. 678 648 065

Centro Comarcal de Bergantiños. A Camposa, s/n. Buño, 15111 MALPICA DE BERGANTIÑOS T. 608 633 222

**+ info** | 981 71 73 58  
gdrcostadamorte.com

## Mercados Ecolóxicos

Os produtos ecolóxicos estanse a facer un oco na Costa da Morte; sendo unha terra moi rica na produción hortícola e gandeira xa conta con pequenas asociacións de produtores ecolóxicos que loitan por comercializar os seus produtos dun xeito sostible para que cheguen directamente ao consumidor, sen cámaras, sen transportes desde lugares alonxados, sen fertilizantes nin praguicidas

químicos, e con máis sabor e propiedades nutricionais. Os que apostan por un consumo responsable, respetuoso co medio ambiente e máis saudable xa poden adquirir unha gran variedade de artigos, que van desde as froitas e hortalizas de tempada, doces, salsas e pistos, xabóns, ovos, ata galos e galiñas.

No Mercado Ecolóxico de Fornelos en Baio, na Feira das Fabas, no Mercado de Carballo e nalguhas das feiras habituais pódense atopar postos nos que mercar este tipo de produtos.



UN TERRITORIO CHEO DE OPORTUNIDADES

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

O GDR Costa da Morte abarca 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente.



Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos destas terras, onde hai un nicho moi importante por explotar; o comercio único e xenuíno que se desenvolve nas tradicionais feiras e mercados rurais, onde os produtores locais venden sen intermediarios, ofrecendo produtos de gran calidade, sostibles e frescos.

Sen esquecer as mostras de artesanía, feiras de oportunidades, e mercados especiais que tamén contribúen a promover a economía local.

Ven e coñéceos, descubrirás unha forma diferente de mercar.

FEIRAS E MERCADOS ANUAIS

**Camariñas**

- > Mostra do Encaixe (Semana Santa).
- > Mercado Medieval Mariñeiro. (Xullo).

**Carballo**

- > Feira das Oportunidades (Marzo).
- > Feira do Automóbil (Berocasión). (Agosto).
- > Feira do Libro. (Agosto).
- > Mostra de Artesanía. (Novembro - Decembro).
- > Denominación de Orixe. (Xaneiro).

**Carnota**

- > Mostra de Promoción Local "Vindemo Ver". (Semana Santa)

**Cee**

- > Feira das Oportunidades. (Novembro)

**Corcubión**

- > Mercado Medieval Costa da Morte. (Xullo).
- > Feira de Artesanía de Corcubión. (Agosto).

**Fisterra**

- > Mercado de Inverno. (Decembro).

**A Laracha**

- > Feira das Cereixas. (Xullo).
- > Feira de Horticultura. (Agosto).

**Malpica de Bergantiños**

- > Mostra da Olería de Buño. (Agosto).
- > Feira Medieval Mariñeira. (Agosto).

**Muxía**


- > Mercado das Rutas do Mar. (Agosto).

**Ponteceso**

- > Feria de artesanía de O Couto. (Mediados de Maio)
- > Feira Mariñeira Artesá en Corme Porto. (Xullo).
- > Feira das Fabas. (Outubro).

**Zas**

- > Punto Rojo. Outlet de Baio + mercadillo antigüedades. (Agosto).
- > Baio ten a pelota. (Maio).
- > Feirauto. Feira de Ocasión do Automóbil. (Xuño) (Setembro)



FEIRAS E MERCADOS MENSUAIS

**Camariñas**

- > Mercadillo de Camariñas. (Mércores e Sábados).
- > Feira de Ponte do Porto. (2º e o último Domingo do mes).
- > Mercadillo de Camelle. (Luns e Xoves).
- > Arou. (Luns e xoves).

**Carballo**

- > Feira de Carballo. (2º, 4º e 5º Domingo do mes).
- > Mercadillo de frutas e hortalizas de Carballo. (Todos os Xoves).

**Carnota**

- > Mercadillo de Carnota. (Os Mércores).

**Cee**

- > Feira de Cee, todos os domingos. (Os Domingos).

**Coristanco**

- > Feira de Agualada. (1º Domingo do mes).

**Fisterra**

- > Feira de Fisterra. (Martes e Venres, agás os festivos locais).

**A Laracha**

- > Feira de Paosaco. (1º e o 3º Domingo do mes).

**Laxe**

- > Mercadillo de Laxe. (Os Venres).

**Malpica**

- > Mercadillo. (Sábados).

**Mazaricos**

- > Feira da Picota. (2º e 4º Sábado do mes).

**Muxía**

- > Mercadillo de Muxía. (Os Martes e Venres).
- > Feira de Senande. (1º Luns de mes).

**Ponteceso**

- > Feira en A Trabe. (Os Sábados, no Campo da Feira).
- > Feira de Corme. (os Venres).

**Vimianzo**

- > Mercadillo de Vimianzo. (Os Xoves).
- > Feira da Piroga. (3º Domingo do mes).
- > Feirón da Piroga. (1º Martes de mes).

**Zas**

- > Feira de Baio. (3º Domingo do mes).
- > Feirón de Baio. (1º Martes do mes).
- > Mercadillo en Zas. (1º Luns do mes).

FEIRAS E MERCADOS

Na Costa da Morte hai unha grande oferta de Feiras e Mercados tradicionais, case se pode dicir que non hai un día sen feira.

Estes mercados ao aire libre son a mellor proposta para adquirir unha gran variedade de produtos frescos da horta, de gran calidade e a moi bo prezo; có engadido de ser de produción local.

Se a isto lle sumamos os queixos, o pan, as carnes e embutidos, os doces e empanadas, as flores e plantas, a roupa e complementos, os postos con churros, e o ambiente que hai, non podemos atopar un xeito mellor de mercar.

Merchar nas feiras, garante a existencia dos mesmos, de xeito que poidamos gozar destes produtos por moito tempo.



FEIRAS DE OPORTUNIDADES

Nos últimos anos As feiras de oportunidades están collendo cada vez máis auge, xa que son unha aposta pola calidade e o servizo que só o pequeno comercio pode dar, ademais dos grandes descontos que moitas veces chegan ao 70% ou 80%.

O gran atractivo destas feiras está en que os consumidores poden adquirir todo tipo de artigos de sectores moi variados, desde moda, hogar, complementos, regalos, deportes, xoitería infantil, electrónica..., a prezos moi asequibles nun espazo aberto e nun ambiente festivo, xa que algúns establecementos hosteleros tamen participan, e a xente aproveita para pasar o día, xantar ou tomar algo mentras "comentan a xogada".

As Feiras de Oportunidades son unha forma de consumo máis responsable, xa que apoia á economía local e ao pequeno comercio; na Costa da Morte polo de agora celébranse tres, e están tendo moi boa acollida.

Feiras de Oportunidades:

- > Feira das Oportunidades de Carballo. (2º fin de semana de Marzo).
- > Feira das Oportunidades de Cee. (En Novembro).
- > Punto Roxo de Baio. (Segundo fin de semana de Agosto).